

**PROGRAMA II – EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE
EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA [TR340E]**

Persoas beneficiarias

Empresas privadas ou persoas autónomas que inicien a actividade nun prazo non superior a un ano desde a cualificación como IEBT do proxecto e que:

- Cumpra as condicións específicas de cada tipo de axuda.
- Creen emprego estable para persoas desempregadas.

**Orzamento
500.000 €**



Subvención á creación directa de emprego estable*

Por cada posto de carácter indefinido (incluídas persoas promotoras) creados en Galicia antes dun ano desde o inicio da actividade, ocupados por persoas desempregadas

6.000 €

Por cada posto de carácter indefinido para persoas desempregadas de longa duración, con discapacidade, en situación ou risco de exclusión

8.000 €

Por cada posto de carácter indefinido para persoas tituladas universitarias desempregadas

9.000 €

Por cada posto de carácter indefinido para persoas desempregadas con título de doutor

10.000 €

+

Acumulables

25%

Muller
Concello rural
Persoa maior 45
Emigrante
Retornado/a
Persoa trans

Sempre que se cumpran os seguintes **requisitos**:

1. O cadro de persoal no mes en que se proceda á primeira contratación por conta allea estea constituído, como mínimo, nun 25% por persoas con titulación universitaria.
2. Nos postos de deberá existir correspondencia entre a categoría da titulación académica de tipo profesional que posúa a persoa contratada e a categoría profesional pola que se contrata.
3. Cando a dedicación inicial fose a tempo parcial, de transformala a tempo completo dentro do primeiro ano poderá solicitarse a diferenza entre a contía que se percibiu e a que corresponde.
4. Non se concederá esta axuda cando a persoa traballadora xa prestase servizos na mesma empresa cun contrato temporal.

* Postos creados entre o 1/10/2020 e 30/09/2021 no primeiro ano de actividade | No caso de xornada parcial será a cantidade proporcional

**PROGRAMA II – EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE
EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA [TR340E]****Contratación de persoal técnico de alta cualificación**

- Contratación temporal para traballar en Galicia, dentro do primeiro ano de actividade.
- Contratación realizada entre 1/10/2020 e 30/09/2021.
- A persoa experta técnica de alta cualificación contratada debe estar en posesión de título universitario.
- Exclúese a contratación coas persoas promotoras, socias, cónxuxes, con parentesco ata 2º grao (excepto nos casos previstos nas bases para as persoas autónomas).

Límite: 18.000 €
por todas as contratacións**Ata 40%**dos custos salariais totais,
cun máximo de 12 meses.**Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade**

Número de postos de traballo estables creados e subvencionados durante o primeiro ano de actividade ao amparo desta orde:

	Importe máximo da axuda
1 posto de traballo	Ata 10.000 €
2 postos de traballo	Ata 18.000 €
3 ou máis postos de traballo	Ata 24.000 €

1. Destinada a financiar parcialmente os gastos necesarios para o inicio e a **posta en marcha da actividade**, entre os que figuran:

- Honorarios de notaría e rexistro
- Arrendamento de equipos informáticos
- Compra de mercadorías e materias primas
- Publicidade, páxina web e posicionamento
- Arrendamento e seguro do local
- Subministracións
- Arrendamento de maquinaria
- Formación xerencial para persoa promotora

2. Para gastos realizados entre 1/10/2020 e 30/09/2021, que se **produzan dentro do primeiro ano de actividade**.

3. O importe da axuda **non poderá superar o custo total dos gastos** subvencionables.